

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido ao retraso da valoración de discapacidade e á súa solicitude de risga

Expediente: G.6.Q/16990/18

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018

Sra. conselleira:

Nesta Institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D^a [REDACTED] referente ao retraso da valoración de discapacidade e á súa solicitude de risga.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que “convivo con una enfermedad desde hace más de dos años, desde enero non cobro nada ya que el INSS me quito la baja y paró el proceso de incapacidad sin previo aviso. He empezado un proceso judicial porque desde entonces he estado ingresada en diversas ocasiones y operada nuevamente. Necesito me ayuden a agilizar los procesos tanto de reconocimiento de minusvalía en la Xunta tanto de reconocimiento de incapacidad en el INSS. Ya que no cobro nada más que la pensión alimenticia de 142 de mi hijo y la ayuda por hijo a cargo de 145 anuales. Tengo un hijo y ningún ingreso más que los que detallo anteriormente, he solicitado el Risga pero tampoco tengo respuesta, llevo en esta situación desde enero. Como no puedo trabajar he comenzado a estudiar y aunque estoy becada necesito resolución de grado para estar exenta. Puedo facilitar toda la documentación e informes médicos donde se aprecia el empeoramiento de mi salud así como un informe privado”.

2. Ante iso requirimos información a esa consellería, que nola remitiu. Nela sinálase o seguinte:

“ANTECEDENTES: 1. Con data 08/03/2018 presentou solicitude de recoñecemento do grao de discapacidade dona [REDACTED] 2. Unha vez foi mecanizada a solicitude de dona [REDACTED] con DNI [REDACTED] a aplicación informática asignoulle a seguinte codificación vinculada: número de expediente da solicitude [REDACTED] 3. Será precisa que a persoa sexa entrevistada polas persoas profesionais que forman o equipo de valoración cunha duración mínima de 30 minutos por profesional.

CONCLUSIÓN: Existe un elevado número de solicitudes tanto de valoración inicial como de revisión cuxa iniciación debe seguir o rigoroso orde de entrada de solicitudes para cumprir o establecido no artigo 16.1 da Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o

procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Esta orde de tramitación só pode ser modificada nos casos previstos no artigo 16.2 da mesma orde, que recolle os supostos de urxencia: a) Acceso ao emprego e ás ensinanzas reguladas onde exista reserva de prazas para persoas con discapacidade. b) Solicitudes de axudas/subvencións sometidas a prazos. c) Menores de 18 anos. d) Maiores de 90 anos. e) Pensión non contributiva ou prestación por tillo a cargo. f) Caducidade da valoración do grao de discapacidade. g) Existencia dun procedemento aberto, xudicial ou administrativo, relativo a violencia de xénero, que poida verse afectado polo recoñecemento e cualificación do grao de discapacidade.

Debido a este elevado número de solicitudes, estase producindo de xeito conxuntural unha acumulación de expedientes que está atrasando os prazos nos que se citan as persoas usuarias e se notifican as resolucións.

A Consellería de Política Social presentou no Consello da Xunta celebrado o 18/05/2018 un paquete de medidas co obxectivo de mellorar o procedemento da valoración da discapacidade e reducir as listas de agarda. A primeira das actuacións que se adoptou consistiu en reforzar o persoal dos equipos de valoración para garantir o seu bo funcionamento e a creación de 14 novos equipos, o que supuxo un incremento dun 74% ao pasar dos 19 equipos existentes aos 33 actuais. Os novos equipos empezaron a funcionar no mes de xuño.

Por outra banda e dado que case un 30% das citas de valoración son canceladas ou non realizadas, poranse en marcha medidas para mellorar a súa xestión, incluíndo actuacións relativas á confirmación e substitución de citas programadas que permitan incrementar o número de valoracións diarias realizadas. Neste sentido, porase en marcha con carácter inmediato un servizo de confirmación e recordatorio de citas a través de SMS, remitindo á persoa solicitante ou á persoa de contacto designada, para evitar a non asistencia ás citas de valoración programadas.

Así mesmo, dentro deste conxunto de medidas, recoñecerase un grao de discapacidade do 33% de xeito automático a aquelas persoas ás cales a Seguridade Social lles teña recoñecida unha pensión de incapacidade permanente en grao total, absoluta ou grande invalidez.

Tamén se levará a cabo un proceso de revisión do procedemento de valoración da discapacidade e a simplificación do modelo de solicitude, evitando a achega de documentación a que se poida ter acceso se a persoa solicitante autoriza a súa consulta.

Ademais, coa extensión do acceso e utilización da Historia Social Única Electrónica (HSUE), plataforma que integra nun mesmo sistema todos os datos relativos á historia social do solicitante- facilitarase a coordinación de todos os axentes que interveñen no procedemento, á vez que se eliminará a necesidade de achegar documentación necesaria no proceso de valoración da discapacidade.

E, por último, daráselle prioridade na valoración da discapacidade a persoas incluídas nas seguintes patoloxías: ELA, as ataxias rapidamente progresivas, as distrofias musculares e escleroses múltiples de evolución rápida, as enfermidades metabólicas con trastornos motores, neoplasias en estadio IV para que a súa resolución se emita no prazo máximo dun mes desde o momento da solicitude”.

3. Non concretaba a data previsible de valoración, polo que de novo dirixímonos á consellería co fin de requirir que con urxencia facilitara a data (aproximada) na que se faría a valoración, despois de ter implantadas as novas medidas e de analizar o seu impacto no novo calendario de citas. A Consellería de Política Social sinala o seguinte:

“1. Con data 08/03/2018 presentou solicitude de recoñecemento do grao de discapacidade dona [REDACTED] 2. Unha vez foi mecanizada a solicitude de dona [REDACTED] con DNI [REDACTED] a aplicación informática asignoulle a seguinte codificación vinculada: número de expediente da solicitude [REDACTED]. 3. Será precisa que a persoa sexa entrevistada polas persoas profesionais que forman o equipo de valoración cunha duración mínima de 30 minutos por profesional. 4. En data 12/09/2018 se emitiu informe para a Valedora do Pobo relativo ás medidas tomadas en relación ao adiamento na resolución das solicitudes de recoñecemento do grao de discapacidade.

CONCLUSIÓN: No informe de data 12/09/2018 se explicaron as circunstancias que motivan o actual adiamento na resolución das solicitudes de valoración inicial ou revisión do grao de discapacidade, e as medidas tomadas.

Lembrar que o trámite debe seguir o rigoroso orde de entrada para cumprir o establecido no artigo 16.1 da Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

E que esta orde de tramitación só pode ser modificada nos casos previstos no artigo 16.2 da mesta orde, que recolle os supostos de urxencia: a) Acceso ao emprego e ás ensinanzas reguladas onde exista reserva de prazas para persoas con discapacidade. b) Solicitudes de axudas/subvencións sometidas a prazos. c) Menores de 18 anos. d) Maiores de 90 anos. e) Pensión non contributiva ou prestación por fillo a cargo. f) Caducidade da valoración do grao

de discapacidade. g) Existencia dun procedemento aberto, xudicial ou administrativo, relativo a violencia de xénero, que poida verse afectado polo recoñecemento e cualificación do grado de discapacidade.

Tamén daráselle prioridade na valoración da discapacidade a persoas incluídas nas seguintes patoloxías: ELA, as ataxias rapidamente progresivas, as distrofias musculares e escleroses múltiples de evolución rápida, as enfermidades metabólicas con trastornos motores, neoplasias en estadio IV para que a súa resolución se emita no prazo máximo dun mes desde o momento da solicitude.

A señora ██████████ non está incluída en ningún dos supostos anteriormente contemplados.

Na actualidade están a ser valoradas as persoas que presentaron solicitude en marzo de 2017 no caso de revisión médica, e en setembro de 2016, no caso de revisión mixta (médica/psicolóxica).

No caso dos supostos de urxencia recollidos no dito artigo 16.2 da Orde do 25 de novembro de 2015, están a ser valoradas as persoas que presentaron solicitude en novembro de 2017.

Non obstante o anterior se debe ter en conta a prioridade das patoloxías antes enumeradas, para as cales a resolución debe ser emitida no prazo dun mes, e os expedientes de caducidade, os cales deben ser resoltos a medida que van caducando os recoñecementos provisionais do grao de caducidade, por todo o cal, non é posible dar unha data estimatoria para a valoración da señora ██████████ e a resolución da súa solicitude”.

4. Recentemente a afectada indicou que segue sen ter a cita para a valoración, e que non coñece nada da súa solicitude de risga e axuda de emerxencia.

ANÁLISE

1. A consellería novamente confirma o retraso da valoración, que solicitouse o 8 de marzo, polo que debería terse resolto (prazo de tres meses). Pero o mais relevante é que non aporta previsión de valoración despois da posta en funcionamento das medidas anunciadas. A pesar delas permanece un amplo retraso dos equipos de valoración de Vigo; están valorando as solicitudes de marzo de 2017 (só médicas) ou as de setembro de 2016 (médicas e psicolóxicas). Mesmo nos casos urxentes se están atendendo as solicitudes de novembro de 2017.

Tamén sinala que as prioridades por patoloxías deben atenderse nun mes e os expedientes de caducidade cando caducan os recoñecementos provisionais. Parece desprenderse que a totalidade dos casos urxentes non se resolven nun mes, senón só os relativos ás patoloxías citadas, e que os demais casos urxentes (de acordo coa orde) se tramitan cunha lista separada, pero sen a mesma urxencia que a das patoloxías.

2. A situación de atraso nas valoracións e resolucións dos expedientes de discapacidade é coñecida a través deste e doutros expedientes. Tratouse en diferentes informes ao Parlamento de Galicia.

En diferentes ocasións recomendamos á Consellería de Política Social que con urxencia resolvera sobre os expedientes relativos á valoración e recoñecemento da situación de discapacidade dos afectados, posto que se atopan atrasados, de tal maneira que non se produzan demoras prexudiciais; que tamén con urxencia habilítase as medidas anunciadas para normalizar a situación; e que compróbase que as medidas corruxiron a situación ata facer cumprir os prazos.

A consellería sinalou as novas medidas que tamén menciona neste caso; reforzo do persoal dos equipos de valoración e creación de 14 novos equipos, que entrarán a funcionar este mes; medios de confirmación e substitución de citas; recoñecemento do grao de discapacidade do 33% ás persoas con pensión de incapacidade permanente en grao total, absoluta ou grande invalidez (o que recomendamos dende hai tempo); simplificación da solicitude e documentación; extensión do acceso e utilización da Historia Social Única Electrónica; e prioridade na valoración das persoas con ELA, ataxias rapidamente progresivas, as distrofias musculares e escleroses múltiples de evolución rápida, as enfermidades metabólicas con trastornos motores e as neoplaxias en estadio IV.

3. En relación co caso que tratamos segue a incerteza en relación coa data de valoración, a pesar das medidas adoptadas. Mesmo a previsión non é optimista, posto que as valoracións que se fan na actualidade corresponden a solicitudes de hai moito tempo.

4. No relativo á situación de exclusión, risco de exclusión ou vulnerabilidade que menciona a afectada non se coñecen novidades dos expedientes (risga e axuda de inclusión). Á vista da situación descrita e a falta de información sobre eses aspectos é preciso atendelos con urxencia.

Existe unha evidente necesidade de tramitación rápida das solicitudes de rendas de inclusión social e das axudas de inclusión. Se eses procedementos non se coñecen coa celeridade que requiren perden o seu sentido, posto que se trata de abordar situacións de exclusión ou risco de exclusión que denotan necesidades persoais e familiares que non admiten demoras.

5. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos discapacitados aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49), e recoñece o dereito á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a Administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto desta queixa, relativo á valoración e recoñecemento da situación de discapacidade da afectada, posto que se atopa retrasado; que con carácter xeral se executen as medidas anunciadas para resolver o importante retraso que se produce nas valoracións de discapacidade; e que compróbase que as medidas tiveron efecto e corrixiron a situación ata facer cumprir os prazos.

E que tamén con urxencia se comprobe o estado dos expedientes de risga e axuda de inclusión e se resolvan cumprindo os prazos legalmente previstos, e mesmo dentro dos mesmos o mais axiña posible.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da Institución.

Saúdaa atentamente.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo